**<u>SEGUNDO COMUNICADO DO SECRETARIO PROVINCIAL DO PSdeG DE LUGO E DEPUTADO AUTONÓMICO, JUAN CARLOS GONZÁLEZ SANTÍN:</u>**

Ante a información publicada en diversos medios de comunicación e redes sociais que atenta claramente á miña honra e dignidade e intenta menoscabar publicamente a miña imaxe, quero ENGADIR o seguinte:

**EN PRIMEIRO LUGAR,** quero dicir alto e claro que estou en disposición de afirmar e de poder probar que non son certos os feitos publicados en diversos medios de comunicación nos que se afirma que consultei unha web erótica durante a sesión parlamentaria, pois o certo e verdade é que, tal e como acredito a modo de informe pericial informático que ratifica e amplía a acta notarial que aportei esta mesma mañá, o meu equipo informático estaba infectado por un chamado software malicioso que provocou e segue provocando a apertura automática de páxinas web e anuncios publicitarios sen ningunha acción pola miña parte (pois nin introducín dirección algunha no ordenador, nin fixen click en ningún hipervínculo ou anuncio de ningunha clase).

A tal fin, aporto a proba pericial realizada nas últimas horas por D. Miguel Mosquera Montero, Licenciado en Informática e membro do Corpo Oficial do Colexio Profesional de Enxeñaría e Informática de Galicia, e que foi solicitada unha vez visto o trato dalgúns medios de comunicación. As conclusións non deixan lugar a dúbidas, tal e como se reproducen a continuación, e que son extraídas literalmente de dito informe:

1. **Al iniciar el equipo portátil analizado se arranca automáticamente el software malicioso BoBrowser.**

2. BoBrowser está catalogado como PUP (programa potencialmente no deseado) y **se instala como complemento de los navegadores de internet y de similar apariencia**.

3. **Dicho software es capaz de infiltrase en los <u>ordenadores sin que el usuario sea consciente de ello</u>**, por ejemplo siendo incluido como paquete en utilidades gratuitas.

4. La misión principal de este software es alterar las preferencias de navegación de internet del usuario, así como **inundar los navegadores web con ventanas emergentes, banners, pop-ups,.... de contenido publicitario falso, <u>y que aparecen automáticamente</u>**.

5. BoBrowser **fue instalado en el equipo el 29/05/2015 con anterioridad a la noticia publicada.**

6. BoBrowser se inicia automáticamente con inicio Windows **<u>sin necesidad de actuación por parte del usuario</u>**.

7. **Durante la realización del estudio, se observa que automáticamente se generan distintas ventanas de publicidad entre otras referidas a adcash.com**, calificado también de software malicioso.

8. En el historial de navegación del martes, se puede ver que existe un **link de adcash a las 10:23 que abre automáticamente otro popup con la foto aparecida en los medios de comunicación**.

9. Si se analiza la complejidad y longitud del link que referencia esa foto, **no parece que sea posible teclearlo sin fallos y en menos de un minuto**.

10. **Durante el examen esa misma página ha aparecido automáticamente**.

Así, el perito concluye que: **"Queda demostrado pues que el equipo portátil de D. Juan Carlos lleva infectado por software malicioso desde el 29 de Mayo, y dicha infección ha provocado la apertura automática en la página publicada en los medios, sin acción voluntaria por parte del usuario"**.

**EN SEGUNDO LUGAR,** diante esta situación, quero reivindicar que sempre realicei o meu traballo, alí onde estiven, con honestidade, honradez e o máximo rigor profesional e persoal. Nesto senso, adianto que seguirei mantendo esta mesma liña e principios no meu futuro profesional.

**EN TERCEIRO LUGAR,** de todo isto ponse de relevo que a informática pode xogar malas pasadas, como me aconteceu a min, pero tamén ten unha vantaxe: pódese saber que foi o que aconteceu, cando e de que modo; tal e como se proba no informe que adxunto. E é que, no momento da foto, se pode apreciar claramente como estaba traballando nunha iniciativa do PSdeG-PSOE, como é a miña obriga, no Parlamento de Galicia. De igual forma, o perito conclúe que non fixen clic en dito banner publicitario para acceder á citada páxina.

**EN CUARTO LUGAR**, considero que se está empregando todo isto contra a miña persoa por motivos espurios e intereses particulares. Como persoa, como parlamentario e como secretario Provincial, sempre defendín, defendo e defenderei a miña honestidade, a miña total disposición ao servizo dos cidadáns aos que me debo como deputado, e aos intereses do meu Partido, séndolle sempre leal alí onde me corresponde.

**EN QUINTO LUGAR**, quero agradecer aos medios de comunicación que souberon tratar esta información co rigor que se merece, demostrando a súa profesionalidade e o seu bo facer.

**FINALMENTE, EN SEXTO LUGAR,** tal e como dixen esta mañá, anuncio que, de continuar con este proceder, e acolléndome aos artigos 208, 212 e 216 do Código

Penal, non descarto levar a cabo medidas legais oportunas ante o que considero un grave atentado contra a miña persoa.